



## Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - AFC	
Número expediente:	Documento:
CON/21/2018	CON14I162
1T0G1R3S3Y2Z6M0D17H6	

## DILIXENCIA

Con data 30 de xuño de 2020, esta Alcaldesa-Presidenta, asistida do Secretario da Corporación, e D. Diego Otero Losada, con NIF 32825261Y, en representación da empresa OGMIOS PROYECTO, S.L., con CIF B15886328, formalizaron o **CONTRATO MODIFICADO DAS OBRAS: "AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE SEDES-VILLALLONTE"**, nos seguintes termos:

### **"CONTRATO MODIFICADO DAS OBRAS: "AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE SEDES-VILLALLONTE"**

En Narón, a 30 de xuño de 2020.

#### **REÚNENSE**

Por unha banda, Dna. Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Narón con NIF 32662709H, asistida do Secretario da Corporación D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli que dá fe do acto.

Por outra banda, D. Diego Otero Losada, con NIF 32825261Y, que actúa en representación da empresa OGMIOS PROYECTO, S.L., con CIF B15886328, mediante poder outorgado ante o notario de A Coruña D. José Manuel Lois Puente o día 11 de decembro de 2015 baixo o número 2543 do seu protocolo.

Os comparecentes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgar o presente contrato administrativo, e para este efecto expoñen:

#### **ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS**

**PRIMEIRO:** Por resolución de Alcaldía de data 11 de setembro de 2019, adxudicouse o contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE SEDES-VILLALLONTE" coa empresa OGMIOS PROYECTO, S.L., con CIF B15886328, por importe de 325.006,00 euros (IVE engadido).

O Concello e a empresa contratista formalizaron o preceptivo contrato administrativo de obras con data 26 de setembro de 2019.

**SEGUNDO:** Con data 25 de outubro de 2019 estendeuse acta de comprobación de replanteo, comezando así a execución da obra.

**TERCEIRO:** A Alcaldía deste Concello, por resolución de data 28 de xaneiro de 2020 e a instancia da Dirección Facultativa das obras, acordou a iniciación do correspondente expediente de modificación do contrato, por causas non substanciais e non previstas nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (art. 205, apartado 2.c) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público), ordenando a redacción do proxecto modificado e a aprobación técnica do mesmo.

**CUARTO:** Con data 3 de febreiro de 2020 o Técnico Redactor presentou neste Concello o proxecto modificado. Os Servizos Técnicos Municipais, con data 6 de febreiro de 2020, emitiron informe de supervisión favorable. Do proxecto modificado déuselle audiencia ao contratista por prazo de tres días, sen que nese prazo alegara ou presentara documentos ou xustificacións ao respecto.



**QUINTO:** Con data 13 de marzo de 2020, a instancia da Dirección Facultativa e da posterior resolución da Alcaldía, asinouse polas partes a acta de paralización da obra en execución, quedando supeditado o reinicio da mesma á aprobación definitiva do proxecto modificado.

**SEXTO:** Segundo informe de fiscalización emitido pola Intervención Xeral deste Concello, con data 19 de xuño de 2020, reservouse crédito para esta finalidade na aplicación orzamentaria 1600.60900, por importe de 30.135,72 € (IVE engadido), código de proxecto 2018.4.00000.16 (RC:220200006987).

**SÉTIMO:** Á vista dos anteriores antecedentes, a Alcaldía deste Concello, por resolución de data 22 de xuño de 2020, acordou aprobar o expediente de modificación do contrato, xunto co gasto de 30.175,72 € (IVE engadido), cantidade á que ascende o incremento do prezo unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista; dando audiencia este por prazo de tres días e citándoa para a formalización do contrato.

**OITAVO:** OGMIOS PROYECTO S. L., como empresa adxudicataria, presentou garantía definitiva para facer fronte ao incremento de prezo, que ascende a 1.245,28 €, correspondentes ao 5% do prezo incrementado, IVE excluído.

**NOVENO:** A Dirección Facultativa, con data 29 de xuño de 2020, presentou neste Concello un informe polo que propón un prazo de execución das obras restantes de seis semanas, contadas a partir da formalización deste contrato; propoñendo, así mesmo, o levantamento da suspensión da execución acordada pola Alcaldía deste Concello de data 11 de marzo e formalizada na acta do día 13 dese mesmo mes.

A Alcaldía deste Concello, por resolución do 30 de xuño de 2020, acordou dito levantamento.

## CLÁUSULAS DO CONTRATO

**PRIMEIRO:** Dna. Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Narón con NIF 32662709H, formaliza, mediante este documento, a modificación do contrato descrito anteriormente, por causas non substanciais ao abeiro do art. 205, apartado 2.c) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e unha vez aprobada esta modificación por resolución de data 22 de xuño de 2020.

**SEGUNDO:** D. Diego Otero Losada, con NIF 32825261Y, que actúa en representación da empresa OGMIOS PROYECTO, S.L., con CIF B15886328, comprométese a executar as obras de "Ampliación da rede de saneamento na parroquia de Sedes-Villallonte", suxeitándose estritamente aos planos, pregos de prescricións técnicas, cadros de prezos, etc., que figuran no proxecto modificado aprobado por este Concello, documentos que acepta plenamente.

**TERCEIRO:** O prezo do contrato modificado é de 24.938,61 €, máis 5.237,11 de IVE (21%), o que fai un total de 30.175,72 €, que serán abonados mediante certificacións mensuais de obra executada.

Deste xeito o prezo total do contrato é de 293.538,61 €, máis 61.643,11 € de IVE (21%), o que fai un total de 355.181,72 €.

Neste contrato non existe revisión de prezos.

**CUARTO:** O prazo de execución das obras é de seis semanas contadas desde o día seguinte ao da formalización deste contrato.

**QUINTO:** O contratista sométese, para todo o que non estea establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Para que fique constancia de todo o acordado, asínase este contrato, ante o secretario xeral do Concello que da fe do acto, no lugar e data que se indican ao comezo.

Detectados varios **erros materiais** na transcripción do documento, procede a súa corrección a efectos de que o contrato formalizado se axuste en todos os seus extremos ao expediente de contratación tramitado, deixando constancia de que os erros atopados non teñen consecuencias a efectos da execución das obras nin dos dereitos e deberes adquiridos polo contratista.

Por todo o anterior, esta Alcaldía



## ORDENA

**PRIMEIRO:** Corrixir os erros materiais detectados no contrato modificado das obras: “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE SEDES-VILLALLONTE”, formalizado o pasado 30 de xuño de 2020 coa empresa OGMIOS PROYECTO, S.L., con CIF B15886328, nos seguintes termos:

- No punto SÉTIMO dos antecedentes administrativos:

Onde di: *Á vista dos anteriores antecedentes, a Alcaldía deste Concello, por resolución de data 22 de xuño de 2020, acordou aprobar o expediente de modificación do contrato, xunto co gasto de 30.175,72 € (IVE engadido), cantidade á que ascende o incremento do prezo unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista; dando audiencia este por prazo de tres días e citándoa para a formalización do contrato.*

Debe dicir: *Á vista dos anteriores antecedentes, a Alcaldía deste Concello, por resolución de data 22 de xuño de 2020, acordou aprobar o expediente de modificación do contrato, xunto co gasto de 30.135,72 € (IVE engadido), cantidade á que ascende o incremento do prezo unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista; dando audiencia este por prazo de tres días e citándoa para a formalización do contrato.*

- Na cláusula TERCEIRA do contrato:

Onde di: *O prezo do contrato modificado é de 24.938,61 €, máis 5.237,11 de IVE (21%), o que fai un total de 30.175,72 €, que serán abonados mediante certificacións mensuais de obra executada.*

*Deste xeito o prezo total do contrato é de 293.538,61 €, máis 61.643,11 € de IVE (21%), o que fai un total de 355.181,72 €.*

*Neste contrato non existe revisión de prezos.*

Debe dicir: *O prezo do contrato modificado é de 24.905,55 €, máis 5.230,17 € de IVE (21%), o que fai un total de 30.135,72 €, que serán abonados mediante certificacións mensuais de obra executada.*

*Deste xeito o prezo total do contrato é de 293.505,55 €, máis 61.636,17 € de IVE (21%), o que fai un total de 355.141,72 €.*

*Neste contrato non existe revisión de prezos.*

**SEGUNDO:** Publicar esta Dilixencia na Plataforma de Contratación do Sector Público, para o xeral coñecemento.

Para deixar constancia, asínase esta Dilixencia polas partes interesadas.

A Alcaldía-Presidencia

O Contratista